



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Cabeza Pereiro, M^a. Carmen
Cidrás Pídre, José
Fernández Pulpeiro, Ana
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
González Pillado, Esther M^a
Hernández Sánchez, Jesús
Montero Muñoz, María
Vázquez Otero, María Elsa

DECANOS/DIRECTORES:

Alonso, Bacigalupe, Luis
Arias Sánchez, Pedro
Garrido Valenzuela, Irene
González Piñeiro, Luis
Iglesias Antelo, Beatriz
López Díaz, María
Muñoz López, Luis
Pereira Domínguez, Alejandro
Suárez Pazos, Mercedes
Vidal Vázquez, Ricardo

PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
González Vázquez, Encarnación
Liz Marzán, Luis Manuel
Lorenzo Rodríguez, M^a Edita De
Martínez Insua, Ana Elina
Ramos Cabrer, Manuel
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

PDI-B:

Diéguez Castrillón, M^a Isabel

ESTUDANTES:

Puga Alonso, Javier

PAS:

Cebro Rodríguez, Anxo M.

CONSELLO SOCIAL:

López Atrio, María Laura
Pérez Mato, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Riobó Fernández, Aída

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 19 de novembro de dous mil nove, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O xoves día 19 de novembro de 2009, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 29 de outubro de 2009.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.
4. Aprobación, se procede, da convocatoria de anos sabáticos para o curso 2010-2011.
5. Aprobación, se procede, da convocatoria do Programa Especial de Promoción do PDI da Universidade de Vigo (2009).
6. Aprobación, se procede, da normativa de desgravacións docentes.
7. Aprobación, se procede, da normativa sobre carga docente das titulacións de grao para o curso 2010-2011 e convocatoria de contratos-programa piloto cos centros.
8. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación do complemento de actividades docentes.
9. Aprobación, se procede, do I Curso de especialista en ecografía mamaria.
10. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. María Luisa Rodríguez Arribas, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da E.U. de Estudos Empresariais.

11. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. Montserrat Vaqueiro Romero contra o acordo do Consello de Departamento de Lingua Española de 21 de setembro de 2009 de aprobación de saída a concurso de tres prazas de profesor asociado.
12. Aprobación, se procede, da proposta de composición da Xunta de Titulación e Centro de adscrición do Grao en Enxeñaría da enerxía.
13. Aprobación, se procede, da Normativa para a incorporación dun centro adscrito a un título de grao implantado en centros propios.
14. Aprobación, se procede, da normativa sobre Empresas de Base Tecnolóxica (EBT).
15. Aprobación, se procede, da creación do Comisionado para a creación do Centro Atlántico de Investigacións Mariñas (CAIM).
16. Aprobación, se procede, do nomeamento do delegado/a do reitor na Escola Universitaria de Enfermería do Meixoeiro.
17. Aprobación, se procede, da participación da Universidade no Observatorio sobre mundos virtuais.
18. Informe sobre as negociacións relativas ao temario, probas e baremo da oferta de emprego público do persoal funcionario de administración e servizos.
19. Posicionamento da Universidade de Vigo sobre a proposta do Consello Social relativa á compartición de docencia clínica dos cursos 4º, 5º e 6º da Licenciatura de Medicina da Facultade de Santiago de Compostela, con profesorado adscrito á Universidade de Vigo, este ano ou o próximo de xeito oficial.
20. Posicionamento da Universidade de Vigo de apoio á Conferencia de Decanos de Belas Artes das universidades españolas sobre a oferta de títulos oficiais en disciplinas artísticas.
21. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade Austral de Chile para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo en materia de tecnoloxías da información para o establecemento dun sistema de voto electrónico nas eleccións universitarias – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a National Taiwan Normal University – Convenio específico de colaboración para o intercambio de estudantes entre a Universidade de Vigo e a National Taiwan Normal University.
22. Rogos e preguntas.

Punto 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 29 de outubro de 2009.

Intervén a secretaria xeral para por de manifesto que se teñen pedido dúas peticións de rectificación de acta por parte do Sr. Varela e o Sr. Cebro relativas ás súas intervencións nos puntos 8 e 12, respectivamente. A proposta que se fai é a inclusión desas rectificacións na acta.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Informa aos membros do Consello de Goberno de dous asuntos que poden ser do seu interese. O contido principal das convocatorias do Consello Galego de Universidades e do Consejo de Universidades celebrados nas últimas semanas.

En primeiro lugar, do resultado do Pleno do Consello Galego de Universidades celebrado na tarde do pasado 29 de outubro. O Pleno tivo carácter monográfico e estivo centrado na segunda fase da transformación da oferta actual de títulos do Sistema Universitario de Galicia (SUG). No fundamental, as decisións adoptadas foron as seguintes:

a). Modificar o Punto 3º das “Liñas Xerais para a Implantación dos Estudos de Grao e Posgrao no SUG”, substituindo a expresión *“Acordo Unánime” entre as Universidades do SUG e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria* por “Acordo por Maioría”.

b) Aprobar todas as propostas de transformación presentadas polas tres universidades, o que para a Universidade de Vigo significa:

- Transformación da Licenciatura de Física polo novo Grao en Ciencias Ambientais, no Campus de Ourense.
- A incorporación do novo Grao en Enxeñaría da Enerxía, no Campus de Vigo.
- A incorporación do novo Grao en Consultoría e Xestión da Información, no Campus de Ourense.
- E a incorporación do novo Grao en Comercio, no Campus de Vigo.

c). En conxunto, as decisións adoptadas significan para o SUG a eliminación de duplicidades e a definición de exclusividades. Este feito é especialmente relevante para o Campus de Ourense que de non ter ningunha titulación exclusiva no SUG pasa a ter tres: as mencionadas “Ciencias Ambientais” e “Consultoría”, máis a titulación de “Ciencia e Tecnoloxía de Alimentos”, por transformación da existente con igual nome no Campus de Lugo, que pasa a converterse en “Nutrición e Dietética”.

Este acordo foi adoptado por maioría do CGU, co voto en contra das Universidades de Santiago e A Coruña, e só tropezou cun pequeno obstáculo, ao detectar a Secretaría Xeral da Consellería de Educación unha coincidencia de perfil nas novas propostas de Grao en Comercio, presentadas polas universidades de Vigo e Santiago de Compostela. Esta coincidencia xa ten sido resolta polos centros implicados, de xeito que non hai modificacións polo que respecta a ningunha das transformacións inicialmente programadas por este Consello de Goberno.

E, en segundo lugar, cédelle a palabra á vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes para que, de paso que contesta a unha petición realizada por un representante de estudantes, presente a este Consello de Goberno a programación de horarios de apertura de Bibliotecas e Salas de Lectura da Universidade de Vigo e Entidades Colaboradoras para todo o curso 2009-2010.

Seguidamente, expón a vicerreitora o seguinte:

Hai que recordar que neste curso 2009-2010 conviven os calendarios de probas de avaliación das titulacións a extinguir cos dos novos estudos de grao e posgrao. Isto dá lugar a unha ampliación do número de semanas en que hai que dar servizo de biblioteca ou de sala de lectura para o estudantado. (calendario aprobado en Consello de Goberno de 20 de abril de 2009).

A solución que se adopta para abordar esta situación provisoria, que se vai alongar ata a extinción das titulacións de licenciatura, diplomatura, enxeñería... é alongar tamén o número das semanas de apertura ampliada de bibliotecas, nas seguintes condicións para o curso 2009-2010: de luns a venres, nos campus de Vigo e Ourense (logo falarei do campus de Pontevedra) abrirase ata a unha da madrugada.

Como contrapartida, ábrense salas de lectura (para estudo, sen servizo de préstamo) desde as 00:00 horas ata as 09:00 horas da mañá, tamén de luns a venres, o que supón unha dispoñibilidade de 24 horas.

No caso do campus de Pontevedra, a pesar das xestións realizadas, non se atopou ata o de agora un espazo apropiado para dar este servizo de 24 horas. Séguese a buscar pero, de momento, o que se propón é seguir co horario ata as 03:00 horas da madrugada de luns a venres neses períodos que comprenden as semanas anteriores e coincidentes coas convocatorias de avaliación. Este era o horario de apertura que había o pasado curso académico.

Séguese a contar coa colaboración de Caixanova e outras institucións. A experiencia do curso pasado, coa apertura da biblioteca no Centro Cultural Caixanova, en Vigo, en fin de semana con horario ampliado o curso pasado foi moi ben valorada polo alumnado.

O obxectivo é atender aos usuarios e usuarias das bibliotecas, o noso alumnado, nos tres campus con servizos de biblioteca ou de sala de lectura que atendan as súas demandas. Temos que priorizar e buscar os emprazamentos e as fórmulas máis acaídas en cada caso. Queremos estender os servizos aos tres campus nas mesmas condicións, mellorando o servizo progresivamente.

Punto 3. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que, por parte da COAP, reunida onte (18/11/09), dáse o informe favorable ás seguintes prazas:

Unha praza de Catedrático de Universidade na área de Óptica. O profesor titular de universidade D. Humberto Michinel Álvarez acadou a acreditación requirida. A COAP entende que é aplicable o criterio A) de promoción a cátedra por non haber ningún outro catedrático na área.

Unha praza de catedrático de universidade na área de Ecoloxía. O profesor titular de universidade D. Ricardo Beiras García-Sabell acadou a acreditación requirida e conta con tres sexenios. A documentación desta praza foi distribuída hoxe.

Unha praza de profesor titular de universidade na área de Nutrición e Bromatoloxía. O profesor contratado doutor D. Nelson Pérez Guerra acadou a acreditación requirida.

Unha praza de profesor titular de universidade na área de Química Física. O investigador Parga Pondal D. Miguel Correa Duarte, que foi seleccionado na convocatoria de 2007 do Programa Especial de Promoción, ten acreditación ao corpo de profesores titulares de universidade e xa entrou no seu último ano de contrato.

Unha praza de profesor titular de universidade na área de Dereito Mercantil. O investigador Parga Pondal D. Pablo Fernández Carballo-Calero, que foi seleccionado na convocatoria de 2008 do Programa Especial de Promoción, ten acreditación ao corpo de profesores titulares de universidade e xa entrou no seu último ano de contrato. A documentación desta praza foi distribuída hoxe.

Os prazos dos concursos das dúas derradeiras prazas axustaranse para que a toma de posesión sexa próxima á data do remate dos seus contratos, tal como establecen as convocatorias do Programa Especial de Promoción nas que se xeraron estas prazas.

Apróbanse por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, da convocatoria de anos sabáticos para o curso 2010-2011.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen expón que a proposta que se trae para o curso 2010/11 repite as condicións da convocatoria do curso pasado. O texto foi tratado na mesa de negociación da representación sindical do PDI, que tralo debate estivo de acordo co mesmo. Tamén conta co informe favorable da COAP.

Apróbase por asentimento o texto que se incorpora como **anexo I**.

Punto 5. Aprobación, se procede, da convocatoria do Programa Especial de Promoción do PDI da Universidade de Vigo (2009).

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que un ano máis se trae a Consello de Goberno a nova convocatoria do programa especial de promoción que este ano acada o compromiso adquirido por este equipo de goberno de convocar 15 prazas. A principal novidade é o establecemento de prazas por campos do catálogo CNEAI cunha dobre finalidade:

1. Estender os beneficios do programa nos distintos ámbitos presentes na nosa universidade.
2. Fomentar que o proceso competitivo teña lugar entre candidatos e candidatas cuxos méritos académicos responden a criterios homoxéneos.

O vicerreitor expón as novidades máis salientables seguindo a orde do texto e tamén as modificacións propostas pola reunión da COAP do 18/11/09, cuxa documentación foi distribuída á entrada do propio Consello de Goberno. Algunhas destas modificacións son consecuencia de acordos na mesa de negociación do PDI.

O texto contén a data deste Consello de Goberno, polo que debe constar o 19 de novembro e non o 20 como consta por erro no documento distribuído. O mesmo erro sucede con outros documentos relativos aos puntos 6 e 7.

O vicerreitor indica que o apartado 2.1 se debería modificar segundo consta na documentación entregada para recoller o acordado na mesa de negociación do PDI e ratificado pola COAP, e que implica retornar ao mesmo criterio de antigüidade da convocatoria pasada: 3 anos para asociados, 1 ano para o resto.

A avaliación e selección (no apartado 3) seguirá apoiándose no convenio suscrito coa ACSUG cun baremo que consta no ANEXO I. Respecto do baremo a novidade principal é incorporar as acreditacións de Profesor Titular, e as avaliacións I3 e Colmeiro no campo de mérito profesional que sube ao 15%, reducíndose o campo de xestión ao 5%. Ampliase o peso da acreditación a Titular como unha aposta pola funcionarización do cadro docente. Na reunión de onte da COAP engadíronse modificacións do baremo respecto do previamente distribuído, que constan na documentación entregada á entrada do Consello de Goberno. O vicerreitor propón incorporar ditas modificacións no texto final.

A asignación de prazas (apartado 4) como responde aos campos científicos CNEAI, ou agrupacións deles, que constan no ANEXO II. Outórganse en primeiro termo prazas por campos CNEAI e despois complétanse as prazas asignadas por ámbito (6 no campo científico e 3 en cada un dos outros). Por ter asignación de prazas en campos máis reducidos esíxese un mínimo de 60 puntos no proceso selectivo, en coherencia coa procura da excelencia académica que representa este programa. Afirmase a intención de ter un límite de dúas prazas por área en tres convocatorias a partir desta. Isto non afectaría na práctica a esta convocatoria nin a seguinte aínda que marca a intención de evitar que unha mesma área poida acaparar todas as prazas do seu campo.

A saída a concurso das prazas (apartado 5) sigue os criterios de anos anteriores coa novidade de facilitar que un candidato Parga Pondal xa seleccionado poda posteriormente pasar á Ramón y Cajal sen ter que alargar as súas expectativas temporais de consolidación. Regúlase tamén a posible cobertura interina das prazas, xa prevista no propio regulamento de profesorado do que emana este programa especial de promoción.

En cuestións de procedemento (apartado 6) preténdese que a entrega da documentación poda ser en soporte electrónico a través da aplicación da ACSUG, para facilitar deste xeito o acceso a mesma aos avaliadores e aos propios candidatos na fase de reclamacións evitando, por outra banda, a xeración de grandes cantidades de papel. O vicerreitor propón engadir ao texto orixinal un parágrafo establecendo que a Universidade poderá solicitar calquera documento orixinal se o considera necesario.

Adiántase a apertura da convocatoria ao 18 de decembro sen modificar a do peche da mesma, isto ven motivado polas últimas conversas coa ACSUG sobre viabilidade de ter operativa a aplicación nesa data.

O texto foi discutido na mesa de representación do PDI tendo acordo sobre o punto 2.1 xa mencionado. O texto coas modificacións propostas conta co informe favorable da COAP.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Liz sinala que algunhas das variacións da convocatoria fan pensar que o obxectivo do plan de promoción mudou respecto ao seu orixe. Pregunta se se quere promocionar investigadores ou modificar ese obxectivo. Se se trata de dirixir o plan a determinadas áreas entende que debería facerse una interpretación global de cales son as prioridades en materia de investigación. Pide que non se aprrobe o programa.

Intervén o Prof. Muñoz para sinalar que pediu información ao vicerreitor de profesorado fai tempo para coñecer a situación actual, así por exemplo, os posibles candidatos por área e non se lle facilitou. Cree que se perderon os obxectivos dun plan de promoción. Entende que cando se quere sacar un plan que prime a excelencia académica deberían terse en conta os rankings internacionais. Aparece un ranking en prensa en a Universidade estaba no posto 14 e primaba a xeración de coñecemento. Ten a impresión de que non está claro cal é o papel da investigación na carreira académica. No último Consello de Goberno o reitor informou dos resultados do campus de excelencia e a Universidade non quedou ben e non no posto 14. A resposta que necesitamos se vai enfocar sobre o medio mariño. Hoxe o Ministerio, a Xunta e os organismos internacionais teñen claro cales son os criterios para a excelencia académica. Hoxe se publica a convocatoria de I3 e aí está todo claro. Pregúntase cara a onde nos leva o plan de promoción, se é cara a excelencia académica ou é cara a outro sitio. Entende que as modificacións veñen da política de profesorado que tende ao reequilibrio entre ámbitos. Non se trata de reequilibrio nas achegas, senón en que todos dean menos clases. Non temos claro que é investigación e que é carreira académica.

O Prof. Ramos sinala que o ano pasado se adquiriu un compromiso para buscar equilibrio entre ámbitos e quere agradecer o esforzo feito neste sentido. Tamén agradece que se negocien os temas de PDI cos órganos de representación. Non queren entrar en detalles do plan senón en temas mais políticos. Así, pregunta que é este programa, se é para consolidar contratados, investigadores Parga Pondal ou Ramón y Cajal; entende que temos un problema na Universidade en canto hai unha bolsa de contratados e hai que darlles saída. Manifesta que non temos un control na entrada e facemos ademáis un efecto chamada con este programa; deste xeito, temos un problema coa entrada que segue sen resolverse. Recorda que o ano pasado defendía que fora requisito indispensable a acreditación como titular; hoxe se fala de pedir acreditación como I3 ou Comeiro que é para investigadores pero non é para un profesor que vai a un centro docente. Temos un problema que debemos abordar estratéxicamente. Cree que o programa é un parche pero que non se van opoñer a el porque da saída á xente.

O vicerreitor de Profesorado sinala que en primeiro lugar, o programa non ten cambiado os seus obxectivos dende a súa orixe, senón que foi crecendo de 8 prazas a 15. Pero o obxectivo de que se estenda a todos os ámbitos se ten reforzado tendo en conta que ao haber mais prazas, se reparten mais entre ámbitos; isto non limita crecementos, poñer unha praza

nunha área cada 3 anos no é impedir crecemento senón permitir o mesmo crecemento para outras áreas.

Sinala que efectivamente, o Prof. Muñoz, pediu esa información que aportou á COAP pero o prof. Muñoz quería algo mais, e sinala que se facilitarán os datos ata o límite da protección de datos. En canto á excelencia académica a mesma se da en todos os ámbitos.

A acreditación I3 é requirida como requisito noutras universidades, e aínda que na proposta aparece só como un mérito máis a valoración é significativa. Por outra banda este plan de promoción non deu malos resultados á universidade de Vigo de cara á consecución de financiamento nos programas I3 e Manuel Colmeiro.

Agradece ao Prof. Luis Muñoz as palabras sobre o reequilibrio, xa que as propostas da Vicerreitoría o teñen sempre en conta este obxectivo. Sen embargo indica que este programa non o concibe como instrumento para corrixir este desequilibrio senón que é unha aposta pola excelencia. A proba é a distribución asimétrica de prazas que se propón.

Sobre a intervención do Prof. Ramos agradece as palabras iniciais e o ton mais político da súa intervención. O obxectivo é claro é promoción fundamentalmente de investigadores pero despois hai figuras que non tiñan saída porque entraron como figuras non consolidables. Pero o obxectivo a longo prazo é promoción de investigadores pero non se concibe que eles non colaboren en docencia polo que tamén ten unha finalidade de docencia. En canto á acreditación como titular o ano pasado só había un candidato con esta acreditación. Haberá que ver que pasa este ano. O obxectivo a medio prazo é que a prazas sexan de titular.

O Prof. Berrocal indica que o seu colectivo reconece que se pretendeu mellorar a convocatoria, polo que non a critican pero se trata doutro tema de fondo, sobre si pode haber ou non carreira investigadora na Universidade. Anuncia que seguirán pelexando para que haxa un cauce investigador na Universidade. Entende que a economía da Universidade está saneada e se podería pensar nunha carreira investigadora. O criterio ten que ser que o bo investigador ten que poder quedarse, sexa cal sexa a situación da súa área. Habería que pensar nesa posibilidade, que se quede o bo investigador. Habería que pensar noutra vía diferente. Por iso non poden votar en contra deste plan, pero se van abster.

O Prof. Liz puntualiza que a maneira en que están fixados os criterios de avaliación, non fan límite no número de anos a ser avaliado de xeito que unha persoa que leva anos non pode competir con outro que leva menos.

O Prof. Muñoz en canto á distinción de ámbitos pregunta porque temos que facer a avaliación se a ANECA e a CNEAI xa o fan. Haberá que facer dous programas un de excelencia e outro. Este programa ten efecto chamada e ese dato tamén o pedía ao vicerreitor. Con respecto ás figuras que non teñen saída, non ten claro se debería tela porque cando un firma un contrato xa sabe as consecuencias. Non se poden mesturar carreiras que son distintas, unhas que veñen avaliadas por criterios e outras que non. Entende que haberá que crear plans de incentivación para chegar á excelencia.

O reitor entende que este debate é importante pero se introducen temas de moito calado. En primeiro lugar se fala de culturas científicas, tema que xera moitas publicacións; recorda

que está pendente neste país definir que é excelencia científica da transferencia (que ninguén lle da importancia pero que está presente en todos os foros); hai outro debate que é en relación a como marcar opcións na Universidade e en que media debe existir a democracia científica porque a ciencia tropeza cos argumentos de democracia. Probablemente isto se enfronta a un equilibrio ou unha universidade ten as catro patas ou non; outro, a carreira investigadora, non temos estatuto de PDI, a Universidade non pode meterse neste momento. Hai un debate que non se abordou: o sistema vixente fai que un investigador non se xogue o seu futuro aos 27 anos senón aos 40 porque as Universidades teñen o peso da consolidación; non son 15 prazas hoxe senón 700.000 € de por vida. A Xunta debería facer convocatoria exigente (pode pedir perfís ás Universidades ou ás OTRIS ou aos Centros) e ese persoal tería consolidación no Sistema de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia e pagaría a Xunta (Se ao cabo duns anos está acreditado). Así o investigador sabe que se entra e traballa as súas posibilidades de quedarse son moitas. Alternativamente a situación é outra: convoca prazas, as financia un tempo e despois mete ás Universidades nun problema. As Universidades se teñen que medir por responsabilidade. As Universidades non poden dicir que todos entren porque é irresponsable. O plan mellora a situación porque lles pedimos aos que concursan 60 puntos ademais a maiores da acreditación de Contratado Doutor ou titular. Pide que todos sexamos xenerosos e intelixentes para continuar co plan. Entende que non está equilibrado pero da a oportunidade de meter xente nova en tódolos ámbitos para dinamitar a investigación. Este plan non permite resolver todas as cuestións que se plantexan aquí, pero se pode ir mellorando. Ademais entende que se a Xunta non o fai, a Universidade deberá fomentar agrupamentos. A convocatoria mellora o que había e que o programa deu bos resultados e debería ser unha prioridade nos próximos anos.

Procédese á votación do plan de promoción:

- Votos a favor: 24
- Votos en contra: 1
- Abstencións: 8

Apróbase por maioría o texto que se recolle como **anexo II**.

Punto 6. Aprobación, se procede, da normativa de desgravacións docentes.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que é unha normativa para o curso 2010-11.

A normativa está baseada na de anos anteriores coas obrigadas modificacións que xorden da implantación de novos estudos de grao e posgrao.

O antigo apartado de desgravacións por actividade docente sepárase en dous, un de apoio á actividade docente xeral nos centros e outro como apoio a ensinanzas de posgrao:

No apartado 1 as novidades son:

Reforzar as horas por coordinación dos graos cunha nova compoñente en función da matrícula, que traducido implicaría 8 créditos de POD para un grao de 80 estudantes de entrada unha vez implantados os catro anos.

- Incorporar ao centro unha bolsa de desgravacións por tutela de traballos fin de grao que poderá distribuír o centro cun criterio previamente aprobado na súa xunta de centro.

O apartado 2 é novo e ven a substituír ás desgravacións por terceiro ciclo. Establécense en primeiro termo as condicións xerais destas desgravacións:

- Funcionamento por bolsas de créditos a distribuír polas comisións académicas cun criterio previamente aprobado. A bolsa ven dada pola docencia no curso precedente que é o curso vixente no momento de elaboración do POD.
- Establécense límites persoais e globais para a desgravación polos mestrados.
- Engadiuse pola COAP de onte o tratamento específico de mestrados interuniversitarios con matrícula na UVIGO inferior á esixible para programas propios. Esta modificación está na documentación repartida hoxe.

O texto desenrola tres tipos de mestrados:

1. Os períodos de formación de programas de doutoramento para os que se adopta o criterio aprobado no Claustro co documento de política de I+D+i. Unha bolsa máxima de 800 horas en función da baremación na convocatoria de Mención de Calidade.
2. Os mestrados sen repercusión en POD (modelo anterior) coa simple exención de 45 horas por coordinación.
3. O novo modelo proposto para mestrados que prefiran, en vez do modelo anterior, outro con repercusión en POD. Establécese unha bolsa básica de 300 horas ampliable en función da matrícula. Parte desta bolsa pode intercambiarse por unha dotación económica equivalente que parte de 20000 € e tamén é ampliable en función da matrícula.

Os apartados 3 (desgravacións por apoio a tarefas de investigación) e 4 por cargos non teñen modificación respecto da normativa do curso precedente.

Ábrese unha rolda de intervencións:

O Prof. Ramos recorda as ideas básicas das súas diferenzas fronte a esta normativa: o propio concepto de desgravación como premio ante unha actividade; o máis importante é que todas as actividades deberían recoñecerse en POD polo que valen en si mesmo, así as de grao en canto unha hora presencial debe ser unha hora de POD; e ademais non pode ser que exista un incentivo económico por dar clase en máster, en canto supón compra de POD. A súa postura vai ser opoñerse á normativa.

O Prof. Alonso Bacigalupe considera que o texto produce confusión por varias cuestións: no punto 1 relativo ao apoio por traballos de fin de grao, en canto se asigna unha bolsa á dirección do centro, cando antes era para o profesor. Tamén lle parecen confusos os

puntos c) e d), para saber a quen se lle asignan. O punto dous tamén xera dúbidas, posto que nos mestrados sen repercusións en POD, a asignación é ao equipo directivo do centro. No punto c), refírese aos mestrados con repercusión en POD. Entende que pode ser prexudicial para algúns mestrados que non poden ofertar mais dun número de alumnos. Pregunta polas 300 horas de asignación en POD fronte ao que ocorre cos investigadores.

A Prof.^a De Lorenzo fai un comentario sobre a escasa asignación ás direccións dos centros para a xestión en materia de garantía de calidade e tamén en relación aos posgraos.

O vicerreitor de Profesorado procede á contestar sinalando que o concepto de desgravación é un debate xa antigo e indica que esta normativa non vai en contra do recoñecemento de actividades pero entenden que non toda actividade é estrutural, así se aplica o mesmo criterio que xa existía no doutoramento. Engade que cando teñamos estatuto de PDI estará todo moito mais claro. Sinala tamén que a proposta indica que, para os mestrados en POD, a remuneración económica está restrinxida ao profesorado externo.

En relación ás preguntas do Prof. Alonso Bacigalupe sinala que hai unha nova filosofía en relación ao traballos de fin de grao que ven do recollido nas memorias de grao onde se reflicte que os modelos de título son distintos. Así, a dirección dos centros comunicará como quere facelo, por exemplo asignando horas a un departamento para a organización de horas presenciais, o que asigne todo aos profesores. Déixase ao centro que o decida. O recoñecemento do módulo de 5 horas é para a dirección de centro, trátase de engadir isto ao xa existente.

En relación á cuestión suscitada pola prof.^a De Lorenzo, sinala que é sensible ante estas labores pero que se pode utilizar a bolsa de créditos para coordinación.

Segue contestando ao prof. Alonso Bacigalupe e sinala que o punto 2, apdo. b se refire aos mestrados que continúan co modelo existente. O texto indica que as 45 horas son engadidas ás 15 que se asignan ao centro.

En relación á diferenza entre mestrado de investigación e profesionalizante, valorouse tendo en conta o existente anteriormente para os programas de doutoramento. As posibilidades de mellora na asignación de horas, se establecen módulos de alumnos tendo en conta que os mestrados investigadores poden mellorar se acadan unha boa puntuación en mención de calidade.

Prof. Vidal sinala que o que se está tratando é un problema de medir. Cuestión antiga en canto non se trata de darlle un número a cada cousa porque isto non sempre resolve. As veces pódese chegar a graves erros se seguemos sempre a teoría da medida. Pregunta se algún fixo algún cálculo de canto supón isto.

O Prof. Ramos aclara que se está referindo á nomenclatura.

O Prof. Alonso Bacigalupe intervén en relación ás medicións das que dubida como o Prof. Vidal. Sinala que ao non ser o seu centro monotitulación entende que a asignación da bolsa de créditos á dirección de centro pode dar lugar a problemas para a distribución dos créditos de traballos fin de máster.

Incide novamente sobre o menor valor que se lle da a un mestrado profesionalizante fronte a un investigador, tendo en conta o esforzo que supón a súa posta en marcha. Quéixase dalgunha indefinición no texto nalgún caso e o agravio entre mestrado de investigación e profesionanlizante.

O reitor recorda que se existen motivos suficientes se pode traer aquí unha solución excepcional. Afloran aquí novamente as diferenzas entre culturas científicas. A diferenza entre un mestrado de investigación e outro profesionalizante é precisamente que o primeiro poda chegar a obter mención de calidade coa repercusión que ten isto a todos os niveis e a necesidade de compensar este esforzo. Por outra parte, trátase de ampliar a flexibilidade dos mecanismos que se poñen a disposición dos profesores para poder actuar e elixir o que mellor se adapte as súas necesidades.

Procédese á votación da normativa:

- Votos a favor: 22
- Votos en contra: 2
- Abstencións: 4

Apróbase por maioría o texto que se incorpora como **anexo III**.

Punto 7. Aprobación, se procede, da normativa sobre carga docente das titulacións de grao para o curso 2010-2011 e convocatoria de contratos-programa cos centros.

Cédese a palabra ao Vicerreitor de Profesorado quen sinala que a normativa proposta para o curso 2010/11 pretende establecer un novo marco de definición de cargas docentes para os novos títulos de grao. O obxectivo dobre:

- ✓ Dotar de maior autonomía aos centros para programar o tamaño dos seus grupos docentes, utilizando criterios de viabilidade de recursos. Deste xeito en lugar de establecer por normativa a carga docente de cada materia, establécese un cómputo global da carga que o centro pode configurar.
- ✓ Ter un indicador, como é o Tamaño Medio de Grupo, que permite priorizar aqueles centros nos que é necesario un esforzo máis inmediato de mellora da docencia mediante o establecemento de grupos máis reducidos.

O texto define o Tamaño Medio de Grupo e indica o procedemento para ter a carga total. Establécese como obxectivo un TMG de 35, de xeito que os centros que teñan un indicador peor podan diminuílo e que aqueles centros que xa o teñan inferior podan mantelo se non precisan novas contratacións en coherencia coa vixencia da foto fixa do cadro docente que o Consello de Goberno fixou para os tres cursos académicos entre 2009 e 2012.

A proposta remata cunha convocatoria de experiencias piloto para gañar experiencia neste marco de maior autonomía dos centros, que son os principais responsables de pilotar o desenvolvemento dos planos de estudo. Esta convocatoria enúnciase indicando algúns marxes de flexibilidade na execución das horas docentes financiadas con que conta o centro. Ábrese

un prazo ata 18 de xaneiro para poder presentar propostas de centros a participar neste programa.

Hai unha modificación do texto a proposta da COAP, que foi distribuída á entrada do Consello e que pon maior énfase na autonomía e flexibilidade indicada.

Do debate na COAP dedúcese que debería reflexionarse nun futuro próximo sobre o cómputo dos estudantes repetidores no TMG. O equipo de Goberno propón nestes intres manter o criterio xa existente de cómputo de novos estudantes e 20% de repetidores.

Con estas premisas a COAP informa favorablemente para a aplicación deste documento ao curso 2010/11

Ábrese unha quenda de intervencións.

A Prof^a. Suárez recoñece que tal como está redactado é pouco intelixible e pon o exemplo que fixo ela mesma co seu centro. Pide que se clarexe a redacción e que se expliquen os detalles para a súa correcta interpretación. Non obstante mostra o seu voto de confianza para a proposta do Vicerreitor.

O Prof. Ramos alega que existe un punto de debate xa antigo que é computar o número da medio de grupo. Sinala que se implícito neste acordo vai unha petición á COAP para que avance por aí sería moi positivo e iso permitiría votar a favor. Entende que o programa piloto dos centros é pouco ambicioso e podería avanzarse mais.

O Prof. Muñoz entende a filosofía do documento que ten proxección restrictiva para non implicar gasto pero hai cousas que lle suxiren dúbidas. Así, se pregunta para que a existencia dos contratos programa, se é só para xestionar o POD o é para facer algo mais, porque entende que se é solo para xestionar POD, iso no ten sentido. A maiores fai referencia a que as novas atribución sobre POD aos centros podería ir en contra de normativas da Universidade. Non está definido o papel dos centros e dos departamentos no EEES. Hai moitos interrogantes no aire. Hai que entender o contrato programa como unha oferta global do centro e ao mellor as normativas actuais non o permiten.

O vicerreitor de Profesorado, en relación coa intervención da Prof^a. Suárez, anuncia que se explicarán os detalles aos equipos decanais e se proporcionarán números sobre a carga docente dos títulos.

En relación á intervención do Prof. Ramos sinala que o do 20 % de repetidores estaba posto para que no se utilizara para ampliar a plantilla. Pero o marco é diferente no grao e polo tanto se compromete a levar este tema á COAP para o debate, aínda que necesita un pouco de tempo para coñecer datos de porcentaxes de repetidores nos novos graos.

En canto ao sinalado polo Prof. Muñoz pídelo que faga propostas concretas para poder seguir avanzado co programa piloto. Do que se trata é de gañar experiencias. En canto ás normativas, estamos nun momento de cambio das mesmas e se trata de coñecer experiencias para afrontar os cambios axeitadamente.

O reitor engade que debemos ser cautelosos nestes casos e que a COAP asuma isto como un reto e tendo en conta os datos que se van tendo. Se traslada á COAP o encargo de que traballe o que pode significar este programa co todos os alumnos.

O Prof. Ramos explica que o grupo ao que representa modifica a súa postura inicial de voto en contra pola de abstención.

Procédese á votación:

- Votos a favor: 26
- Votos en contra: 0
- Abstencións: 5

Apróbanse por maioría a normativa e a convocatoria que constan no **anexo IV**.

Punto 8. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación do complemento de actividades docentes.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen manifesta que o documento proposto é froito da negociación entre o Equipo de Goberno e os representantes do PDI, seguindo o encargo deste Consello de Goberno.

Tras un número importante de reunións chegouse ao documento que agora propoñemos a este Consello de Goberno e que contén un necesario equilibrio entre as posturas iniciais.

No texto hai un erro referente á data da normativa anterior que quedaría derogada. A normativa era do ano 2000 e non de 2001.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Muñoz sinala que isto parece ser unha resposta á presión de determinado sector pola concesión automática de quinquenios. Cando na Universidade hai anos se decidiu non concedelos automaticamente era porque se quería dar un paso de calidade e excelencia. Este documento é negociado entre o Equipo de Goberno e sindicatos e gustaríalle que se negociase tamén cos alumnos en canto hai un punto que se avalía por alumnos. O aprobado se sitúa no 2.5 e pregunta se estaríamos dispostos a aprobar a un alumno avaliado con esa puntuación que se corresponde cun 3,75 sobre 10. E incluso cun 1.5 podería concederse o quinquenio. Cree que este é un problema político e non lle gusta esta norma que leva á mediocridade. Entende que cada vez baixamos o nivel o non melloramos o sistema.

O Prof. Vidal pregunta se esta normativa que se modifica ten efecto retroactivo e recorda que así debe entenderse en canto alguén pode solicitar tramos anteriores.

A secretaria xeral indica que a imposibilidade de outorgarlle carácter retroactivo á normativa aparece recollida na normativa estatal que regula estes complementos retributivos que prohibe de forma expresa a avaliación dun tramo xa avaliado negativamente. Cousa distinta é que un profesor, ante a posibilidade de denegación dun quinquenio, decida facer a

petición de avaliación no momento que mellor lle conveña, por exemplo cando a Universidade modifique os seus criterios de concesión e os mesmos podan serlles máis favorables.

O Prof. Pereira pregunta polo obxectivo desta normativa e, en concreto, se consegue o obxectivo da mellora na calidade. Considera que as enquisas non son o mecanismo máis axeitado para elo.

O vicerreitor de Planificación sinala que se puxo en marcha o plan de calidade docente para completar a avaliación da actividade docente nos centros. Dentro do plan se están considerado as enquisas docentes que poden ser completadas con outros indicadores incluídos no plan de calidade. O plan leva anos en funcionamento e non parece que os resultados sexan negativos. Sen embargo, poida ser de interese a súa revisión para axustalo aos novos graos.

O Prof. Alonso Bacigalupe está de acordo con cousas que se dixeron porque debe facerse unha aposta pola calidade da docencia. Non se vai opoñer a esta normativa pero vai propor que se revise de cara ao futuro. O punto d.4 indica que non se pode dar un 0 a un profesor, se parte de un 1 e con 1.5 se pode aprobar. Este punto preocupa. Entende que se debe denegar un quinquenio cando no se da un mínimo.

A Prof^a. De Lorenzo expón que se chama enquisa de avaliación ao que é unha enquisa de opinión.

O Prof. Vidal pregunta se alguén estudou a influencia da enquisa na calidade docente. Considera que nalgúns casos empeorou. Fai referencia a fórmulas para ter unha mellor puntuación por exemplo aumentando o número de aprobados o que non mellora a calidade docente, porque os alumnos no saben máis agora que antes. Reitera o coidado que se debe ter coas medidas. Pregunta porque se cambia a normativa se é porque existe un balance feito da situación e que se pretende mellorar.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado sinala que se pretendeu unha mellora en xeral e a motivación é que tivemos en Consello de Goberno un encargo para buscar un punto de acordo e iso se ten cumprido. Todo o que se dixo hoxe aquí é ilustrativo e reflicte o que pasou na propia mesa de negociación de xeito que o Consello de Goberno pode ter idea dos argumentos e das dificultades do tema. Ao final do proceso se chegou a un punto de encontro.

Procédese á votación dos criterios:

Votos a favor: 27

Votos en contra: 1

Abstencións:

Apróbanse por maioría os criterios recollidos no **anexo V**.

Punto 9. Aprobación, se procede, do I Curso de especialista en ecografía mamaria.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado que sinala que este curso foi informado favorablemente pola COAP tras os informes, tamén favorables, doutros órganos ou unidades involucradas: Vicerreitoría de Formación e Innovación Docente, Servizo de Control Interno e Sección de Títulos.

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. María Luisa Rodríguez Arribas, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da E.U. de Estudos Empresariais.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado que expón que a COAP, na súa reunión do 18 de novembro de 2009, elaborou o informe favorable á estimación do recurso que todos vostedes teñen na documentación.

O informe favorable susténtase no feito de que a cualificación media da estudante supera a nota de corte que a COAP establece en función da porcentaxe de aprobados na materia nos derradeiros cinco cursos.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. Montserrat Vaqueiro Romero contra o acordo do Consello de Departamento de Lingua Española de 21 de setembro de 2009 de renovación de prazas de profesor asociado.

Teñen sido invitados como interesados a Prof^{ra}. Vaqueiro Romero e o director do Departamento de Lingua Española, Prof. Rifón.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dun recurso de alzada presentado pola Prof^{ra}. Vaqueiro contra o acordo de Consello de Departamento de Lingua Española, de 21 de setembro de 2009, no que se acorda a non renovación do seu contrato de profesora asociada. Alega a recorrente a falta de motivación da non renovación do seu contrato por parte do departamento.

Seguidamente expón os antecedentes deste recurso:

Con data 21 de setembro do 2009, o Consello do Departamento de Lingua Española acordou a renovación dos contratos de 3 profesores asociados (as Sras. Rodríguez Vega e González Carballás e o Sr. Cid Sánchez). Esta renovación xa tiña sido proposta no Consello de Departamento de 15 de maio de 2009 (*acordo que foi recorrido ante o Consello de Goberno e posteriormente foi retirado o recurso polas recorrentes*). Na mesma sesión acordábase a non renovación do contrato de profesora asociada de Dna. Montserrat Vaqueiro.

O informe da Asesoría Xurídica parte da consideración de que o acordo que se impugna é reiteración do adoptado en sesión de Consello de Departamento de Lingua Española de 15 de maio de 2009, e que é adoptado en precaución de que fora declarado contrario a dereito polo Consello de Goberno, toda vez que fora recorrido en alzada.

Non obstante, este recurso foi obxecto de desestimento polas recorrentes, polo que os acordos adoptados nesa sesión de Consello de Departamento, de 15 de maio, son conformes a dereito e firmes; como consecuencia desta situación, decae o obxecto do segundo acordo de 21 de setembro de 2009 que agora se impugna, xa que foi adoptado, como xa dixeran, en precaución de que o primeiro acordo de 15 de maio fora anulado en Consello de Goberno. De acordo co anterior, tendo en conta que non está impugnado o acordo de 15 de maio de 2009, é irrelevante a decisión do recurso que se presenta, xa que no afecta á validez do acordo de 15 de maio que coincide na súa decisión sobre a non renovación do contrato da Sra. Vaqueiro.

Pese a todo, a Asesoría Xurídica entra no fondo do asunto e sinala, en relación ao cese como profesor asociado, de conformidade co artigo 53 da Lei orgánica 6/2001, de universidades, *“la duración del contrato de los profesores asociados será trimestral, semestral o anual, y se podrá renovar por períodos de igual duración, siempre que se siga acreditando el ejercicio de la actividad profesional fuera del ámbito académico universitario”*.

En canto á extinción do contrato, o artigo 49 do Estatuto dos traballadores, determina que o contrato se extinguirá *“por expiración del tiempo convenido”*. Segundo a lexislación laboral vixente, o contrato extingúese automaticamente polo vencemento do seu prazo, non requiríndose explicitar a causa para a denegación da posible prórroga, pois existe liberdade para efectuala ou non.

Conforme ao anterior, non é preciso tomar acordo sobre a non renovación, posto que o contrato se extingue automaticamente chegado o termo establecido nel, e así tense pronunciado tamén o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en moi recente Sentenza de 5 de novembro de 2008 favorable a esta Universidade.

Polo tanto, debe ser desestimado o recurso interposto, xa que non é esixible xurisprudencialmente a motivación sobre a non renovación dos contratos de profesor asociado e o acordo adoptado na sesión do Consello de Departamento de data 21 de setembro de 2009 o era en previsión da impugnación de igual acordo adoptado en sesión de Consello de Departamento de 15 de maio de 2009, impugnación que foi desistida, facendo firme dito acordo e que por outra parte reflicte o debate no Consello de Departamento sobre a idoneidade dos profesores asociados sobre os cales se ía propor a súa renovación.

Apróbase por asentimento a desestimación do recurso.

Punto 12. Aprobación, se procede, da proposta de composición da Xunta de Titulación e Centro de adscrición do Grao en Enxeñaría da enerxía.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea que explica o contido do **anexo VI** onde se recolle a composición da Xunta de Titulación así como o centro ao que quedará adscrito o Grao en Enxeñaría.

Apróbase por asentimento.

Punto 13. Aprobación, se procede, da Normativa para a incorporación dun centro adscrito a un título de grao implantado en centros propios.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón o contido do documento que consta como **anexo VII**. Engade ademais que o mesmo leva informe favorable da Asesoría Xurídica.

A Prof^a. Suárez adianta o seu voto negativo porque considera pode prexudicar aos centros propios da Universidade e que non se menciona ás xuntas de titulación. Alega que no texto da normativa se mencionan as instrucións da ANECA e o art. 28 do Real 1393 pero non menciona o contido do artigo (procede á lectura do mesmo). O artigo se remite ao Estatutos ou normas de organización e funcionamento. Entende que a normativa é contraria ao previsto no art. 44 que regula as xuntas da titulación. Debería engadirse que a aprobación da memoria debería pasar pola xunta de titulación e tema diferente debería ser a composición da xunta de titulación. Tamén solicita que se elimine a disposición. Ten a dúbida de se a inclusión dun itinerario trae consigo a modificación de materias obrigatorias por parte dun centro adscrito cando non é posible facelo por un centro propio.

O Prof. Ramos sinala que no se entendía ben o texto da orde do día e considera que debería modificarse a rúbrica da normativa. Tendo en conta o alcance do texto, manifesta que están de acordo coa normativa.

O Prof. Muñoz aporta a visión dende fora e entende que está en debate o título de ADE, recorda que se creou una Xunta de Titulación de ADE con tres centros e houbo polo medio o problema coa Escola de Empresariais e a atribución de dous títulos á Escola de Empresariais e á Facultade de Ourense, títulos que foron aprobados pola Xunta de Titulación de ADE. Na Xunta de Titulación se lles impón que a formación básica é a mesma e agora a Escola de Negocios se di que non ten que pasar pola Xunta de Titulación. Cree que isto pode xerar agravios. A imaxe dende fora non gusta.

A Prof^a. González Vázquez se manifesta na mesma liña que o prof. Muñoz e sinala que nunca estivo de acordo coa adscrición e o que se comproba agora é que non controlamos ao inimigo. Non foi bo que se adscribise en canto non aporta nada se isto reporta beneficios económicos nese sentido admite que se faga pero que o grao teña que axustarse ao que se lle esixiu a todos. O grao de ADE é o que quedou peor parado, cando se lle aprobou. Entende que esta normativa está pensada para a aprobación do grao da Escola de Negocios de Caixanova. Quere que se poña de manifesto.

A vicerreitora de Titulacións entende que o informe da Asesoría Xurídica supón que a normativa está de acordo coa lexislación vixente. Sinala que esta normativa non é só para o grao en ADE senón tamén para os graos en ciencias da educación onde tamén hai un centro adscrito que non participou na elaboración da memoria de grao e que ten que incorporarse a títulos xa autorizados. A incorporación dun centro adscrito non modifica na memoria a información relativa aos centros propios, pois se trata de incorporar na mesma as súas propias especificidades. O centro adscrito, por suposto, debe cumprir a normativa autonómica e estatal. Trata de resolver a situación dos centros adscritos pero sen prexudicar ao centros propios.

Debátese sobre o tema da legalidade da normativa entre as profesoras Suárez, González Vázquez e Blanco e a vicerreitora de Titulacións.

Finalmente a secretaria xeral sinala que a normativa está axustada á legalidade vixente e así queda plasmado no informe da Asesoría Xurídica. Indica que é o propio art. 28 do RD 1393/2007 o que permite á universidade aprobar unha normativa que regule a modificación dunha memoria de grao que neste caso é para incorporar as especificidades propias dun centro adscrito.

O Prof. Muñoz solicita que se negocie cos centros.

O reitor recorda que existe un regulamento de centros adscritos e estes centros teñen un tratamento diferenciado fronte ao resto dos centros. Hai obxectivos institucionais que non teñen nada que ver cos intereses dos centros. Sinala que é fácil dicir isto de modificar as xuntas de titulacións para incorporar os centros adscritos con voz e voto cando os títulos xa están aprobados para os centros propios. A normativa que se trae é para resolver unha situación e relata o reitor como é o procedemento e os filtros e garantías que debe pasar unha modificación dun título de grao para a incorporación dun centro adscrito.

Procédese á modificación da normativa:

- Votos a favor: 21
- Votos en contra: 6
- Abstencións: 6

Apróbase por maioría a normativa.

Punto 14. Aprobación, se procede, da normativa sobre Empresas de Base Tecnolóxica (EBT).

Cédese a palabra ao vicerreitor de Planificación quen sinala que é unha normativa necesaria debido a que se trata dunha figura prevista na LOU e ademais porque existen peticións de membros da Comunidade Universitaria de creación de Empresas de Base Tecnolóxica. Seguidamente, procede o vicerreitor a expor o contido concreto do texto que se recolle no **anexo VIII**.

O Prof. Berrocal alégrase de que chegue aquí esta normativa e comenta que un tema coma este debiera ter pasado pola Vicerreitoría de Investigación e a Comisión de Investigación. Parécelle ben a normativa pero manifesta a preocupación de que a aplicación moi estrita da disposición transitoria poda impedir a conversión das actuais EBTs en EBTs da Universidade.

O vicerreitor de Planificación sinala que a normativa supón un marco xurídico onde se establecen os canles de solicitude e tramitación dos expedientes de creación das EBT's. A súa implantación e desenvolvemento efectivo recaerá na Vicerreitoría de Investigación. Na transitoria queda establecida a posibilidade de acomodación das EBT's existentes á normativa da Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento.

Punto 15. Aprobación, se procede, da creación do Comisionado para a creación do Centro Atlántico de Investigacións Mariñas (CAIM).

Cédese a palabra á vicerreitora de Investigación sinala que se trata dun centro mixto e que se leva traballando no mesmo dous anos e hai interese institucional por parte das dúas institucións na súa creación.

O Prof. Berrocal sinala que a Comisión de Investigación se reúne cada catro meses e só por motivos de trámite considera que todos estes temas deberían pasar pola Comisión de Investigación, aínda que sexa en punto de informe.

Apróbbase por asentimento.

Punto 16. Aprobación, se procede, do nomeamento do delegado/a do reitor na Escola Universitaria de Enfermería do Meixoeiro.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Formación e Innovación Educativa quen sinala que a persoa proposta é a Prof^a. Teresa Pérez Nieto, Catedrática de Microbioloxía.

Apróbbase por asentimento.

Punto 17. Aprobación, se procede, da participación da Universidade no Observatorio sobre mundos virtuais.

Cédese a palabra ao vicerreitor do Campus de Ourense quen sinala que esta é unha proposta que se fai a este equipo de goberno por parte da Escola de Enxeñaría Informática e que é de interese xeral para a Universidade de Vigo tendo en conta todos os que participan no mesmo.

Apróbbase por asentimento

Punto 18. Informe sobre as negociacións relativas ao temario, probas e baremo da oferta de emprego público do persoal funcionario de administración e servizos.

Teñen pedido intervención as Sras. Conde Casas e Fariza Novoa, delegada sindical de CCOO.

Intervén a xerente para informar sobre as actuacións da Xerencia tralo acordado no Consello de Goberno do día 29 de outubro de 2009 no punto 8 da orde do día.

A vontade negociadora da Xerencia resulta probada en tanto que chegou a importantes acordos cos representantes de persoal en diversas materias. Recentemente ten acado acordo con todos os sindicatos de persoal laboral para as convocatorias de concurso oposición de 8 categorías. A dispoñibilidade para acadar acordos cos representantes dos traballadores está fora de dúbida.

No que respecta ao persoal funcionario o acordo do Consello de Goberno do día 29 de Outubro din: aprobouse a oferta de emprego público do persoal funcionario de administración

e servizos da Universidade de Vigo para o ano 2009 e a convocatoria inmediata da Xunta de Persoal para a negociación do temario, probas e baremo, que terá que ser presentado no Consello de Goberno no mes de novembro.

Ao día seguinte a Xerencia formalizou convocatoria nominal, por escrito e con acuse de recibo a cada un dos membros que conforman a Xunta de Persoal para ter unha xuntanza o día 6 de novembro acompañada da documentación correspondente.

O día 5 de novembro os membros da xunta de persoal de UGT e CCOO solicitan á Xerencia que se convoque ás seccións sindicais con representación maioritaria no colectivo en tanto que a CIG tiña impedida a súa participación.

O día 6 de novembro comparecen Xan Cebro e Sergio Pajares ante a xerente e os demais membros convocados á xuntanza, para manifestar que eles dous foron elixidos polos representantes da CIG en uso da maioría que teñen na xunta de persoal. Así tamén engaden que son os únicos lexitimados para negociar e que deciden non negociar por ter decidido impugnar a oferta de emprego acordada no Consello de Goberno. Deciden por tanto excluírse da negociación.

Sen poder dar resposta as cuestións que se puxeron de manifesto, os citados membros abandonaron a sala.

A Xerencia xunto cos membros da xunta de persoal de CCOO e UGT, a súa vez delegados sindicais comezaron a traballar con intensidade e dedicación co obxectivo de ter hoxe os baremos, temarios e probas que rexerán a oferta de emprego. A documentación consensuada se aporta para que conste neste orde do día. As actas que se anexan corresponden as xuntanzas mantidas os días 6, 9 e 17 de novembro.

Resultado das xuntanzas é ter realizados os temarios, as probas e os baremos co consenso dos sindicatos UGT e CCOO participantes no proceso presentando as súas propostas, así de acordo co mandato do consello de goberno se chegou ao resultado que hoxe se presenta.

Como anexo ao acta do 17 de novembro se recollen os temarios, baremo e probas que serán formalizadas mediante as convocatorias correspondentes.

Resulta de suma importancia que estas convocatorias salgan adiante en tanto que afectan a moita xente que leva moitos anos en situación de interinidade. Manifestamos a nosa disposición a continuar o proceso coas máximas garantías de legalidade co fin de dar estabilidade ao cadro de persoal e evitar a interinidade.

O Sr. Cebro solicita que conste en acta que negociou e acordou con CCOO e UXT, cos delegados sindicais.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Pilar Conde Casas que procede á lectura dun escrito que consta como **anexo IX**.

Intervén a Sra Fariza, delegada sindical de CCOO, que procede á lectura dun escrito que consta como **anexo X**.

O Sr. Cebro solicita que se deixe falar ao delegado sindical porque a documentación a teñen hoxe.

Sinala que quen aprobou a Oferta de Emprego Público (OPE) foi o Consello de Goberno, e piden o mesmo respecto á Xunta de Persoal e a mesma decide quen son os seus representantes. A Xunta de Persoal é quen decide quen se senta na mesa de negociación. O Consello de Goberno acordou a aprobación da oferta de emprego e instaba á Xunta de Persoal a negociar e non ao sindicatos. Entende que se están vulnerando dereitos fundamentais que están protexidos. Por outra parte, fai referencia a que puxo en dúbida a legalidade da OPE e non hai ningún informe xurídico ao respecto. Faise referencia ás prazas de biblioteca e a promoción interna que favorece a persoas concretas e cuestións concretas que constan na documentación presentada, destacando que se beneficia exclusivamente a persoas determinadas. Tamén pon de manifesto contradicións que se derivan da documentación. A Xunta de Persoal tomou unha decisión democraticamente e cree que o tema non lle importa ao reitor porque non estará aquí. Se o xuíz lles da a razón todo volverá atrás, aínda que teñan os exames aprobados. Sinala que é una sinvergüencería o que se está facendo. Vai denunciar a vulneración de dereitos fundamentais contra CCOO, UXT e a Xerencia.

O Sr. Pajares sinala que no Consello de Goberno de 29 de outubro había varias opcións pero se decidiu apoiar a opción máis extrema que foi a aprobación. E isto xera inseguridade, reitera que non hai informe xurídico sobre a OPE. Reitera que a OPE é ilegal no relativo á promoción interna de biblioteca. Sinala que a reunión da Xerencia cos sindicatos é ilegal. Recorda a falta de adecuación á legalidade de todas as actuacións da Xerencia, sinalando que son ineficaces porque non se respectou á Xunta de Persoal. Termina sinalando que a Xunta de Persoal vai impugnar todo.

O reitor recorda que se cumpriu co mandato do Consello de Goberno de 29 de outubro de 2009.

O Sr. Vidal pide cordura e pregunta se é posible unha saída negociada. Todos pensamos en buscar a mellor solución posible. Non debería enquistarse este tema nos tribunais. Entende que é un asunto no que ou se gaña ou se perde por parte de todos. Reitera a pregunta se é posible un mínimo de partida para unha saída negociada.

O Sr. Cebro alega que se está cuestionando a limpeza dos procesos de oposición e iso nunca pasou.

Punto 19. Posicionamento da Universidade de Vigo sobre a proposta do Consello Social relativa á compartición de docencia clínica dos cursos 4º, 5º e 6º da Licenciatura de Medicina da Facultade de Santiago de Compostela, con profesorado adscrito á Universidade de Vigo, este ano ou o próximo de xeito oficial.

Intervén o reitor para sinalar que o Consello Social da Universidade de Vigo, celebrado o pasado 28 de outubro, adoptou un acordo relativo aos estudos de Medicina, na liña de promover a descentralización da docencia clínica, cunha maior participación dos hospitais universitarios e das universidades de referencia. Isto é exactamente o que está a promover a Universidade de Vigo na Comisión Mixta que deseñou o Protocolo de Colaboración de 2008, asinado pól as Consellerías de Educación e Sanidade da Xunta de Galicia e as tres universidades do SUG. Participación de hospitais universitarios e universidades de referencia nas Comisións de Selección da nova figura de Colaboradores Docentes, na organización da docencia e na adscrición orgánica e funcional dos facultativos seleccionados por este novo procedemento.

O Consello Social solicita a este Consello de Goberno un pronunciamento en favor deste tema e da súa posición. A realidade é que o acordo adoptado polo Consello Social vai na liña do asinado e comprometido por esta Universidade, e elo sen menoscabo do debate sobre un ou varios Graos de Medicina que poida haber unha vez se reabra o Mapa de Titulacións do SUG. É un acordo, digámolo así, subscribible por esta Universidade, e, en consecuencia, propoño ao Consello de Goberno un pronunciamento favorable ás teses do Consello Social respecto da descentralización da docencia clínica.

Apróbase por asentimento.

Punto 20. Posicionamento da Universidade de Vigo de apoio á Conferencia de Decanos de Belas Artes das universidades españolas sobre a oferta de títulos oficiais en disciplinas artísticas.

Intervén o reitor para sinalar que os decanos de Belas Artes das universidades Españolas levan tempo esixindo unha maior clarificación respecto das condicións para a impartición das ensinanzas artísticas en España. Estas poden ser promovidas por dúas vías: a dos títulos actuais (Arte Dramático, Música, Deseño, Restauración, etc.), dependentes das administracións educativas autonómicas, con fórmulas organizativas diversas, e a dos títulos semellantes ou próximos que promovan as universidades.

O problema suscítase cando as dúas vías fanse equivalentes a nivel académico – todos os títulos vellos pasan a ser Graos, sen ningunha diferenciación –, pero non en canto aos requisitos esixidos. A posición dos decanos de Belas Artes semella razoable: pedir a total equiparación de condicións (de acceso para os estudantes, de verificación, de rexistro e acreditación dos títulos de Grao, de verificación do mestrado e doutoramento, no seu caso, de nome dos títulos, etc.), sen reserva de exclusividade algunha e, polo tanto, sen límites para que as universidades poidan facer as propostas neste sentido que consideren oportunas.

Como se pode comprobar no texto do acordo que se lle entregou aos membros do Consello de Goberno, a CRUE xa se pronunciou favorablemente sobre este asunto. Como unha maneira máis de facer explícito o apoio á posición dos Decanos de Belas Artes, neste momento final de presión sobre o Ministerio a mesa solicita un pronunciamento favorable do Consello de Goberno da Universidade de Vigo respecto da petición de equiparación de condicións e da eliminación de barreiras de exclusividade entre os diversos títulos que se implanten nas Ensinanzas Artísticas en España.

Intervén seguidamente o Prof. Barcia, como decano de Belas Artes para puntualizar, despois da intervención do reitor na que fixo un resumo preciso da situación, algunhas cuestións que parecen interesantes trala publicación do *Real decreto 1614/2009, de 26 de outubro, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas artísticas superiores*.

Sinala primeiramente que o RD 1614/2009 desenvolve o capítulo VI da *Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación*, na cal se establecen as chamadas ensinanzas artísticas en varias categorías ou niveles, entre elas as “*enseñanzas artísticas superiores. que incluyen los estudios superiores de música y de danza, las enseñanzas de arte dramático, las de conservación y restauración de bienes culturales, los estudios superiores de diseño y los estudios superiores de artes plásticas*”.

O RD 1614/2009 o que fai é organizar as ensinanzas artísticas superiores de maneira que obvian o feito de que os ensinamentos de Artes plásticas, Deseño e Conservación e Restauración son estudos universitarios desde 1978, cando se transformaron as Escolas Superiores de Belas Artes en Facultades de Belas Artes e creouse o título de Licenciado en Belas Artes con, aparte doutras, as especialidades de Deseño e a de Conservación e Restauración de Bens Culturais, segundo cada universidade. Ademais o RD organiza estes ensinamentos nuns termos que supón unha competencia desleal coas universidades e menoscabando a autonomía universitaria, ao impedir ás universidades a proposta de titulacións nalgún dos seus ámbitos.

Non quere entrar en detalles das actuacións que levou a cabo a Conferencia de Decanos desde fai anos segundo ían aparecendo borradores deste RD, accións tanto ante os diferentes equipos ministeriais, o Consello de Universidades ou a CRUE, pero o resultado é que ao final o RD de ensinamentos artísticos que se publicou:

- Establece uns títulos de grao en música, grao en danza, grao en arte dramática, grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais, grao en Deseño e Grao en Artes Plásticas.
- Establece así mesmo o título de Máster en Ensinamentos Artísticos.

Todos eles cunha estrutura idéntica aos títulos universitarios, (número de cursos, ECTS, etc...) regulados polo de todos coñecido RD 1393/2007. Pero hai unha diferenza fundamental: estes títulos de grao non teñen que pasar o proceso de verificación e acreditación da ANECA, e accédese a eles sen selectividade, co título de Bacharelato ou o de acceso á universidade para maiores de 25 anos. Polo demais son idénticos aos títulos de grao universitarios. Pero, o máis preocupante son algunhas disposicións adicionais:

A disposición adicional primeira: os títulos aos que se refire o presente real decreto serán equivalentes, para todos os efectos, aos correspondentes títulos universitarios de Grao e Máster.

A adicional cuarta: os títulos oficiais dos ensinamentos artísticos superiores permitirán o acceso aos ensinamentos universitarios oficiais de Máster e Doutoramento (por exemplo ao Máster en Educación Secundaria).

- A quinta: que fala de establecer procedementos para fomentar a investigación.
- E a sétima, a máis escandalosa ao seu entender, e que conseguiron, tras unha reunión da permanente da Conferencia de Decanos co Director Xeral de Universidades, que unha vez publicada se rectificase en parte mediante unha disposición do Ministerio que consideraba errónea a súa transcripción ao BOE pero aínda así, ao final coa corrección da suposta errata, fala de *“el establecimiento de las medidas necesarias para articular la adecuada diferenciación de la oferta de las enseñanzas artísticas a que se refiere el presente RD con la de las enseñanzas universitarias que pudieran pertenecer a ámbitos disciplinares coincidentes con éstas, , de tal modo que no se establezcan otros títulos oficiales que sean coincidentes sustancialmente con los títulos de Grado referidos en el artículo 8 de este RD.”*

Considera que a situación está clara, coa aplicación desta disposición sétima, ás universidades poderáselles impedir propor títulos de grao coincidentes cos definidos neste RD. É dicir, entre outros calquera titulación no ámbito disciplinar que neste momento cobren as facultades de Belas Artes. (Para que se entenda a situación, é coma se as Escolas de Idiomas puidesen impartir graos e máster en, por exemplo Tradución e Interpretación, e ás universidades restrinxíseselles esa posibilidade; coma se un centro de formación profesional en informática puidese impartir unha titulación de Grao en informática, e impedísese ás universidades facelo nese ámbito.)

O que se solicita aos membros deste Consello de Goberno é o apoio explícito á Conferencia de Decanos das Facultades de Belas neste tema que é de enorme importancia. A postura da Conferencia de Decanos resúmese no seguinte:

Pedir a igualdade de condicións na esixencia de verificación e acreditación de titulacións.

Que non se impida ás universidades propor titulacións nun ámbito que de feito xa está na súa oferta.

Pedir a participación das universidades no Consello Superior de Ensinos Artísticos, así como nos órganos análogos das comunidades autónomas.

Por outra banda, considérase que unha solución axeitada pasaría pola integración total e efectiva na universidade dos ensinados artísticos que aínda non o están.

E, de darse o apoio deste Consello pediría ademais, que este se faga explícito como postura da Universidade de Vigo, supón a través do reitor, na próxima reunión do Consejo de Universidades do 2 de decembro, na cal xa hai algún outro reitor que se ofreceu a levar as reivindicacións da Conferencia de Decanos. E tamén que se faga chegar esta postura á CRUE onde, na próxima reunión do súa permanente o 14 de decembro, tanto a súa vicepresidenta a reitora da Universidade de Málaga, como o reitor da Politécnica de Valencia, ambas universidades afectadas, levarán a cuestión. Pois consideramos que a acción coordinada das universidades afectadas pode ser importante.

Por outra banda, pediría que a Universidade de Vigo se poña en contacto coa Consellería de Educación pois dela vai depender como se desenvolva o RD no sistema educativo de Galicia.

Apróbase por asentimento.

Punto 21. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade Austral de Chile para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo en materia de tecnoloxías da información para o establecemento dun sistema de voto electrónico nas eleccións universitarias – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a National Taiwan Normal University – Convenio específico para o intercambio de estudantes entre a Universidade de Vigo e a National Taiwan Normal University.

Por parte do Prof. Ramos, pregúntase polo voto electrónico e que previsión hai sobre as súa implantación efectiva.

A secretaria xeral resposta que se está traballando xa para que a implantación o máis axiña posible pero aínda non poden dar datas de cando pode estar operativo todo o sistema en canto o voto electrónico supón a revisión das normativas electorais da Universidade.

Punto 22. Rogos e preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:45 horas do día 19 de novembro de 2009 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther M^a. González Pillado